


Labirinto da memoria

COD. PRODUCTO: 00000403
AUTOR: RUIBAL, EULOXIO R.
TÍTULO: Labirinto da memoria
CATEGORÍA: Nume
ISBN: 978-8492792-72-6
DESCRIPCIÓN:
Friso contemporáneo
P.V.P.: 12,00€
IVA Incluído



FICHA:

Normal 0 21
65pp.
13x20

Labirinto da memoria desenvólvese en Compostela, durante a festa do Antroido. A invasión de Iraq é inminente e o tempo cíclico fúndese co histórico. As rúas e prazas da cidade monumental convértense en espazos de protesta, burla, sátira, ludismo e transgresión. Festéxase o Antroido ao mesmo tempo que se rexeita a guerra e se lembra a incompetencia gubernamental na catástrofe do Prestige. Mais no seo das sociedades burguesas neoliberais non deixa de aniñar o fascismo. Os enfrontamentos resultan inevitábeis. E estoupa a guerra contra o pacifismo. O peso do pasado (bélico) faise sentir de novo. Individual e colectivamente. O pasado volve unha e outra vez a repercutir no presente, a xeito de eterno retorno. As horas pasan circularmente en singular cronotopía, onde o actual e o pretérito se interfíren e confunden. Temporalízase o espazo (labiríntico) e o tempo (antroidesco e bélico) espacialízase. Os parámetros cronotópicos (carnavalizados) comprímense ou expándense, defórmanse ou falséanse, coa representación da cerimonia do xogo de identidades. O sucesivo vírase ás veces simultáneo. O horror de hogano poténciase ao revivir o horror de antano. Con ese pano de fondo, ritualízase unha historia de amor, tenrura, crueldade e violencia inserida na festa da realidade (verdade) disfrazada.

Nume:

Prosa y verso de la literatura gallega